

CURSOS DO CIOV 2018-2019 OBRADOIRO DE SLAM

PROGRAMA

CREACIÓN E INTERPRETACIÓN POÉTICA (10 Horas)

CREACIÓN DE TEXTOS POÉTICOS (4 horas):

- Repaso pola poesía oral galega, desde a tradicional e popular ata as formas máis contemporáneas da oralidade .
- Composición individual e colectiva de textos poéticos usando diferentes figuras, tropos e xogos de linguaxe para conseguir un manexo cómodo da linguaxe poética.
- Procurar formas de creación tomando como modelos textos da literatura galega e portuguesa, poñendo especial énfase nos tropos e figuras que afectan á oralidade. O ritmo, a sonoridade e a fonética do texto.
- Análise e composición de textos que poñan de relevo á poesía como límite entre diversas disciplinas: o poema-monólogo/diálogo, o poema- microrrelato, o poema-performance...
- Ideas e xogos para conseguir resultados na escritura automática e na improvoisación oral de textos poéticos.

PREPARACIÓN PARA SLAM. LECTURA E INTERPRETACIÓN (6 horas):

- Aprender técnicas e exercicios básicos para un quentamento vocal: relaxar os músculos da cara e o colo, vocalizar e procurar unha dicción o máis limpa posible. Buscar o ton da nosa interpretación dentro do rango de posibilidades que ofrece á cada unha a súa propia tesitura vocal.
- Tratar de dominar a expresión facial e corporal: acompañar as palabras co ollar e a expresión facial por afinidade ou por oposición. Buscar a empatía do público a través da intencionalidade dos xestos.
Posición corporal, acompañamento coas mans, etc.
- Ton e interpretación oral: Buscar as diferentes posibilidaes de lectura que ofrece un texto e interpretalo en base a unha intención e un sentido concretos. Transmisión comunicativa a través de textos poéticos.
- Indagar na oposición «interpretación oral vs interpretación teatral»: semellanzas, diferenzas e límites.
- Posta en escena do texto: Xogar co ritmo e coa musicalidade do texto. Sacarlle partido ás posibilidades expresivas que ofrece o texto respecto da voz e o corpo.

